

CIRCULAR 34-2023.

CONTROL FGA PISTA CUBERTA 25/02/2023

CONTROL FGA PISTA CUBERTA 26/02/2023

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza os controis FGA o día 25 e 26 de febreiro de 2023, na Pista Cuberta de Ourense en Expourense.

Art.2).- Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as con ficha pola Federación Galega de Atletismo, da tempada actual (2023) .
No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme á tempada 2022. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, farase un sorte da letra inicial do apelido.


Art.3).- As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do mércores 22 de febreiro. Existirá unha cota de inscrición de 4 euros por atleta para cada un dos controis.
Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamén poderán facerse inscricións fora de prazo, o que leva unha multa de 3€ por participante ata o xoves 23 de febreiro ás 12:00, e sempre coa autorización da dirección técnica remitindo un mail a: competicion@atletismo.gal e segundo a dispoñibilidade de prazas libres.

Art.4).- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación.
Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.5).- Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas.

Art.6).- Participación:

- Terán preferencia os/as atletas de categoría Sub 16
- Na lonxitude e no peso os atletas terán 4 intentos.



Art.7).- Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.

HORARIO CONTROL FGA P.C. 25/02/2023				
HORA	CARREIRAS	CATEGORÍA	LONXITUDE	PESO
14:00				Sub 16 H-M
14:15	60	Homes		
15:00	60	Mulleres	Homes	
15:45	300	Sub 16 Homes		
16:10			Mulleres	
16:30	300	Sub 16 Mulleres		
HORARIO CONTROL FGA P.C. 26/02/2023				
13:30	60 mv	Abs Mulleres		
13:40	60 mv	Abs Homes		

Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA: competicion@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 19 de febreiro de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo